



Como e onde buscar información




Ten claro o tema

Aquilo sobre o que queres buscar información.




Elixe as fontes

Libros, enciclopedias, internet entre outros. Lembra que podes pedir consello a túa mestra ou mestre, a túa familia se buscas na casa ou persoa encargada da biblioteca se te desprazaches a unha.



Que queres saber

Pensa as preguntas sobre o tema.
Que queres saber?
Que che preguntan?
Cal é a túa curiosidade?



Busca, pensa, contrasta e anota

Busca as preguntas nas fontes escollidas.
Pensa sobre a información que atopas e lembra contrastala.
Anota os resultados e se tes dúbidas pregunta.

